

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN FERROL O 27 DE XANEIRO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta en Ferrol a Martina Aneiros Barros.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Verea dun treito antigo da estrada autonómica OU-540.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponteareas dun treito da estrada provincial EP-4001 Ponteareas-Guillade, p.q. 0+000 ata o p.q 0+900.

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a Biblioteca de Emilia Pardo Bazán.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se aproba o III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia, Senda 2025.
- Acordo polo que se acepta a medida compensatoria prevista na disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, polo efecto da implantación do SII-IVE na liquidación dos recursos do Sistema de financiamento autonómico de 2017.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación para a execución da obra de mellora do sistema de saneamento no concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) por importe de nove millóns oitocentos oitenta mil novecentos dezanove euros con noventa e seis céntimos (9.880.919,96 €), e cun valor estimado de oito millóns cento sesenta e seis mil corenta e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (8.166.049,55 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no Concello de Ferrol.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para realizar actividades de formación en lingua galega, por importe de seiscentos sesenta e nove mil setecentos noventa euros con setenta e dous céntimos (669.790,72 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe balance sobre a tarxeta turística #QuedamosEnGalicia.

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as axudas dirixidas a entidades locais para actuacións de acondicionamento e mellora das instalacións dos espazos termais de uso lúdico de Galicia.
- Informe sobre o balance coas actuacións xa realizadas pola Xunta de Galicia, así como as novas iniciativas programadas, no marco do Pacto de Estado por Ferrol, Eume e Ortegal.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Informe sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Ferrol- San Cibrao para o fomento da mobilidade sustentable porto-cidade e a integración urbana do bordo do litoral para financiar cos fondos Next Generation.

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre as medidas que está a desenvolver a Consellería de Emprego e igualdade en materia de igualdade laboral.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre aprobación da resolución conxunta da Dirección Xeral de Recursos Humanos e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, pola que se convoca o Plan de formación continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre as axudas para a creación de superficies forestais.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre primeira venda en Galicia de pesca fresca en 2021.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARTINA ANEIROS COMO DELEGADA TERRITORIAL DA XUNTA EN FERROL**

Licenciada en Dereito, foi concelleira e voceira no Goberno municipal de Ferrol dende 2011

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Martina Aneiros como delegada territorial da Xunta en Ferrol.

Licenciada en Dereito, realizou o curso de Especialización en Dereito Tributario pola Universidade de Santiago de Compostela e conta co Título de Especialista Universitario en Dereito Tributario e Contabilidade.

Concelleira e voceira do Goberno municipal de Ferrol dende 2011 e deputada provincial na Deputación da Coruña.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE VEREA DUN ANTIGO TREITO DA ESTRADA OU-540, COINCIDENTE COA ÁREA RECREATIVA DA CAPELA DA ASCENSIÓN

- Transfírense un resto da marxe esquerda da antiga vía autonómica, de 123 metros, preto do tronco principal, que xa está acondicionado como área de descanso
- A entidade local terá competencia para actuar nese treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O cambio de titularidade permitiralle ao Concello realizar obras de mellora na área recreativa e unha xestión eficiente desta e da contorna da ermida
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vereas dun antigo treito da estrada autonómica OU-540, coincidente coa área recreativa da Capela da Ascensión.

O Concello de Vereas solicitoulle ao departamento de Infraestruturas da Xunta a cesión desa área recreativa, situada na marxe esquerda dun antigo treito da OU-540, para realizar obras de mellora e acondicionamento.

O antigo treito da estrada OU-540 é un resto de aproximadamente 123 metros de lonxitude, moi preto do tronco principal, que xa está acondicionado como área de descanso e recreativa. Estas características fan que ese treito careza de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia do treito situado na antiga OU-540, dos puntos quilométricos 30+380 a 30+490, e do seu dominio público viario asociado.

A transferencia a prol do Concello de Vereas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nese treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A transferencia permitiralle acadar ao Concello unha xestión máis coherente e eficiente da área recreativa e da contorna da ermida da Ascensión de Gontán.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE PONTEAREAS DA RÚA TROBADOR XOÁN GARCÍA DE GUILLADE

- Trátase dun treito de 900 metros lineais da estrada provincial EP-4001, Ponteareas-Guillade, desde o punto quilométrico 0 ata o 0+900
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar neste tramo e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello do Ponteareas dun treito da estrada provincial EP-4001 Ponteareas-Guillade, que se corresponde coa denominada rúa Trobador Xoán García de Guillade.

O Concello de Ponteareas solicitoulle á Deputación Provincial de Pontevedra a transferencia do treito de 900 metros lineais da estrada provincial EP-4001 Ponteareas-Guillade, desde o punto quilométrico 0 ata o 0+900.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello e emitiu informe favorable, xa que o treito obxecto de transferencia, denominado rúa Trobador Xoán García de Guillade, presenta características urbanas, con beirarrúas en ambas as marxes, bandas laterais de aparcadoiro de vehículos e iluminación pública.

A transferencia a prol do Concello de Ponteareas faise de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe o Concello terá a competencia para actuar nese treito de vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN BIC DA BIBLIOTECA DE EMILIA PARDO BAZÁN, COMPOSTA POR PRETO DE 11.000 VOLUMES

- O Consello da Xunta dá visto e praxe ao decreto que recoñece “a singularidade e carácter único” da colección, que inclúe 7.883 libros custodiados na sede da Real Academia Galega e 2.972 rexistros no interior de Meirás
- O Goberno autonómico culmina o proceso con axilidade, 10 meses antes do prazo máximo fixado pola lei, e completa así as intensas homenaxes á figura da escritora levadas a cabo con motivo do seu centenario con máis de medio cento de accións

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC) a Biblioteca de Emilia Pardo Bazán, o que supón o recoñecemento do valor cultural e a protección e salvagarda dun total de 10.855 volumes. Un total de 7.883 están custodiados na sede da Real Academia Galega e preto de 2.972 no interior de Meirás.

A Xunta de Galicia resolve así este procedemento con axilidade, 10 meses antes do prazo máximo marcado pola lei, de dous anos, xa que a tramitación fora iniciada en novembro de 2020 coa incoación do expediente. Neste tempo non se recibiron alegacións e contouse con todos os informes favorables dos órganos asesores: a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario e a Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña.

Á hora de acreditar este recoñecemento, o decreto de declaración BIC constata a “singularidade e carácter único” das pezas. Cualifícase como unha “colección esencial” tanto por ser unha biblioteca creada pola propia autora, un dos grandes referentes da creación e a intelectualidade da súa época, como por ser froito das súas relacións cos seus contemporáneos. Valórase tamén o “especial valor cultural” da colección, como testemuña dun período histórico, ao ser un patrimonio material que contribuiría ao coñecemento sobre esta etapa da historia cultural de Galicia.

Do mesmo xeito, o decreto salienta o valor dos volumes. A gran maioría son primeiras edicións, moitos deles manuscritos dedicados polos seus autores a Pardo Bazán, e abranguen literatura do Século de Ouro español, do século XIX e principios do XX, francesa e española e unha boa representación da literatura galega. Ademais, a existencia de subliñados e anotacións nas marxes coa letra da autora e outros elementos como *ex libris* e dedicatorias personalizadas convérteos en únicos.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Tesouros literarios

Hai tamén volumes de historia, filosofía, socioloxía, guías de viaxes e unha ampla representación da prensa da época de Pardo Bazán, onde ela adoitaba colaborar. Entre eles hai tesouros, como o libro de Saavedra Fajardo *Empresas políticas* (1648) ou primeiras edicións de Voltaire do século XVIII, a que alude a autora na súa obra *Los pazos de Ulloa*, e dos cales seguramente o seu primeiro dono foi o seu avó Miguel Pardo Bazán.

A declaración como ben de interese cultural da biblioteca de Emilia Pardo Bazán farase efectiva tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. É un recoñecemento de valor cultural que supón un réxime de máxima protección e tutela, que non afecta a titularidade do ben. As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens están obrigadas, entre outras cuestións, á conservación, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

Coa aprobación do decreto complétase así un ano de posta en valor, protección e divulgación do patrimonio da autora, despois de que en 2021 a Xunta impulsase unha ampla programación con máis de medio cento de actividades académicas e culturais para achegar a figura de Pardo Bazán a todos os públicos no marco do seu centenario.

### Tres BIC en Meirás

Con esta declaración BIC, Galicia conta xa con 772 BIC, dos cales 96 foron declarados desde a entrada en vigor da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que facilitou a declaración e protección cun concepto máis amplo baseado tamén nas relacións territoriais e no patrimonio inmaterial.

A aprobación deste decreto supón a suma de tres bens declarados BIC en Meirás. A primeira foi en 2008, coa declaración do Pazo coa categoría de sitio histórico, e a segunda en 2019 coas nove estatuas da portada exterior do Pórtico da Gloria obra do Mestre Mateo, dúas das cales están actualmente en Meirás. Complétase agora coa declaración da Biblioteca de Emilia Pardo Bazán.

Nestes momentos a Xunta e Goberno central negocian un convenio para ampliar o BIC do Pazo de Meirás co obxectivo de incluír determinados elementos do interior vinculados a Pardo Bazán e a Francisco Franco. A Xunta mantén a súa vontade para materializar esta ampliación e só resta pechar o anexo dos bens aos cales se dará protección e unificar os bens que se reclaman por vía xudicial e os de protección patrimonial. Trátase dun procedemento en paralelo co proceso xudicial en marcha para

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

determinar a propiedade dalgún destes bens e cuxa vista está pendente de data, tras terse aprazado dúas veces.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA PON EN MARCHA O NOVO PLAN SENDA 2025, QUE CONSOLIDARÁ OS SERVIZOS DIXITAIS PARA ACHEGAR A XUSTIZA Á CIDADANÍA

- Establece as medidas para garantir unha relación telemática coa xustiza, tanto por parte da cidadanía como para calquera axente implicado nas distintas fases dun procedemento xudicial
- Evolucionará a sede xudicial electrónica, incrementando o número de servizos dispoñibles e habilitará o acceso dos cidadáns e dos profesionais que os representan ao expediente xudicial electrónico
- Acadará o 100 % de salas de vistas dixitais sobre o total de salas da planta xudicial galega e potenciará os actos procesuais en remoto
- Avanzará na interoperabilidade do expediente xudicial electrónico de xeito que poida ser compartido polas diferentes administracións de xeito áxil e seguro
- Impulsará a estratexia do dato e automatización para que a xestión da información facilite a mellora e a calidade do servizo
- Conta cun investimento previsto de máis de 43 millóns de euros, que incrementa nun 68 % o orzamento dos dous plans anteriores que impulsaron a dixitalización da xustiza na última década en Galicia

A Xunta pon en marcha o III Plan tecnolóxico da Administración da xustiza en Galicia, Senda 2025, que busca a consolidación dixital da xustiza, para facela máis próxima á cidadanía con capacidade para ofrecer uns servizos máis personalizados e adaptados ás súas necesidades.

O plan, con dez liñas de traballo, impulsará a plena relación telemática dos cidadáns e dos axentes implicados coa xustiza, a consolidación dun expediente xudicial electrónico interoperable e accesible, a implantación da estratexia do dato, a capacitación dixital avanzada dos profesionais da xustiza e o reforzo da ciberseguridade.

O orzamento do Plan senda 2025 investirá 43 millóns de euros en cinco anos, o que supón un incremento do 68 % respecto do investimento dos dous plans anteriores, Senda 2014 e Senda 2020, que mobilizaron 50 millóns de euros en dez anos para avanzar na dixitalización da xustiza galega.

Nesta década Galicia reforzou as infraestruturas tecnolóxicas no eido xudicial, implantou os sistemas de xestión procesual para xuíces, letrados, empregados públicos e fiscais, e implantou a sinatura dixital en todos os órganos xudiciais, que rexistran unha media de 20.000 sinaturas electrónicas ao día.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, puxéronse en marcha todas as pezas do expediente xudicial electrónico, no cal xuíces, letrados e fiscais poden consultar en liña máis de 11 millóns de procedementos e 36 millóns de documentos. Galicia foi das primeiras comunidades en pór en marcha a sede electrónica xudicial e implantou unha rede de videoconferencias con máis de 190 equipos que dan servizo a todos os órganos xudiciais, e conta xa con 77 salas de vistas integramente dixitais.

O Plan Senda 2025, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), alíñase coas estratexias estatais e autonómica, o Plan Xusticia 2030 e a Estratexia Galicia dixital 2030 para consolidar a transformación dixital da xustiza.

### **Relación dixital coa cidadanía**

O Plan Senda 2025 busca ofrecer unha plena relación dixital, tanto da cidadanía como dos profesionais que a representan. Con este obxectivo prevese unha evolución constante da sede xudicial electrónica, que incorporará novos servizos e ampliará os sistemas de autenticación, como o Chave365 ou Cl@ave. Habilitarase o acceso seguro dos cidadáns e os profesionais que os representan ao expediente xudicial electrónico.

Aliñada coa estratexia estatal, crearase a Carpeta xustiza como un punto de acceso único a toda a información de servizos, independentemente da comunidade autónoma. Para facilitar o uso dos servizos dixitais porase á disposición da cidadanía un asistente virtual. Tamén se dixitalizarán os servizos máis comúns que requiren unha entrega ao destinatario, como a citación, notificación ou emprazamento.

Ademais, incrementaranse as canles para a relación dixital coa Administración de xustiza estendendo a todos os servizos o sistema de cita previa, a través da internet ou dunha aplicación. Farase especial fincapé na dotación de medios dixitais nas oficinas de atención á cidadanía e ás vítimas e tamén está previsto a dotación de sistemas de identificación biométrica para simplificar a identificación e sinatura.

### **Actos procesuais telemáticos**

O marco legal actual e as leis de eficiencia procesual en trámite establecen a vía telemática para os actos procesuais, sempre que sexa posible, unha opción que reduce custos económicos e ambientais, e contribúe á axilidade e á eficiencia dos procedementos xudiciais.

Neste contexto o plan fixa como obxectivo que o 100 % das salas de vistas da planta xudicial galega sexan dixitais. Ademais, implantaranse salas Gesell (que garanten a declaración de vítimas e testemuñas vulnerables en condicións de protección e privacidade) nas sete grandes cidades. O plan tamén recolle a realización de actos procesuais en remoto, habilitando a posibilidade de que cidadáns e profesionais participen a través de videoconferencia, achegando documentación con plenas garantías.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Expediente xudicial electrónico interoperable**

Entre as medidas do Plan Senda 2025 está avanzar na interoperabilidade do expediente xudicial electrónico (EXE) de forma coordinada con todo o ecosistema dixital, de xeito que o EXE poida ser compartido polas diferentes administracións de forma áxil e eficiente.

O plan recolle a aplicación de técnicas de intelixencia artificial para a extracción da información e documentación xudicial, e tecnoloxías de tratamento da linguaxe natural que permitirían, por exemplo, a textualización das gravacións. Está prevista a posta en marcha do arquivo electrónico xudicial de Galicia para garantir a preservación do expediente xudicial electrónico e a súa conservación no tempo.

### **Goberno do dato e automatización**

A aplicación da estratexia do goberno do dato e a automatización posibilitarán o uso da información en poder da Administración de xustiza para conseguir unha xestión eficiente e automatizada.

### **Posto dixital avanzado e capacitación dixital**

En liña co Plan de posto avanzado 2021-2023 do posto dixital avanzado do persoal empregado público da Xunta de Galicia, Senda 2015 establece tamén a posta en marcha dunha plataforma de virtualización dos postos de traballo para garantir o acceso ás aplicacións e á información desde calquera lugar e de xeito seguro. Esta medida vai acompañada da renovación e dotación do equipamento adaptado ás necesidades de cada perfil.

Continuarase cos programas de capacitación que acompañan os procesos de implantación de novas iniciativas. En liña co Marco galego de competencias dixitais, abordarase o proceso de capacitación e acreditación de competencias no eido xudicial. O obxectivo é que en 2025 todos os profesionais da Administración de xustiza en Galicia conten coa acreditación do nivel básico de competencias dixitais.

### **Unha xustiza dixital segura**

Abordaranse iniciativas de ciberseguridade específicas que cubran todo o ciclo de vida da información xudicial e que permitan previr, monitorar e actuar ante posibles incidentes de seguridade, así como a adecuación á normativa, ademais do reforzo, evolución e mellora de infraestruturas tecnolóxicas xudiciais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA OS TRÁMITES NECESARIOS PARA QUE O GOBERNO CENTRAL ABOE A SENTENZA DO IVE DE 2017

- O Goberno galego apróbaos unha vez que o Executivo central acreditou que a cantidade que se deberá aboar ascende a 211 millóns de euros máis os xuros de demora
- A sentenza do Tribunal Supremo deu a razón a Galicia na súa reclamación da mensualidade do IVE correspondente ao mes de decembro de 2017 e coñeceu o seu dereito a ser compensada

O Consello da Xunta aprobou hoxe os trámites previstos na Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, co obxectivo de que o Goberno central lle aboe a Galicia os cartos da sentenza do IVE de 2017.

A Xunta aproba este trámite -que será obrigatorio para todas as comunidades autónomas- unha vez que o Executivo central acreditou que a cantidade que se deberá aboar ascende a 211 millóns de euros máis os xuros de demora, e que coincide cos cálculos realizados polo Goberno galego.

#### **Galicia tiña razón**

A Sentenza 553/2021, do 23 de abril, do Tribunal Supremo deu a razón a Galicia na súa reclamación da mensualidade do IVE correspondente ao mes de decembro de 2017 e recoñeceu o dereito a que a Comunidade fose compensada por esa mensualidade que non ingresou o Executivo central e a pagarlle os xuros de demora.

A dita resolución xudicial acreditou que o Goberno central vulnerou o dereito á autonomía financeira da Comunidade galega, que esa actuación lle orixinou un quebranto económico á Facenda autonómica e que dese xeito se produciu un enriquecemento indebido para a Administración do Estado.

A Xunta actuou sempre coa máxima lealdade institucional e por iso Galicia foi a primeira Comunidade en advertir desta situación en xullo de 2018 e reclamar a mensualidade correspondente ao IVE de 2017 que o Goberno central tiña que ter transferido no ano 2019 en cumprimento do sistema de financiamento autonómico.

O Executivo galego reclamoulle de maneira reiterada ao Goberno central que fixese este aboamento, tal e como acreditan os feitos probados na sentenza. Neste sentido, a Xunta exixiu en varias ocasións unha solución nos Consellos de Política Fiscal e Financiera (CPFF).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, elaborou informes xurídicos que facilitaban unha solución; exixiu coñecer os informes xurídicos en que o Estado apoiaba a súa posición e achegoulle os seus; mesmo redactou unha proposta normativa para solucionar esta cuestión, que foi remitida ao Goberno e que non foi tomada en consideración; tamén impulsou a aprobación de resolucións no Parlamento de Galicia en apoio a esta reclamación.

En definitiva, Galicia liderou primeiro a reclamación xusta do IVE debido e liderou tamén a solución. Deste xeito, estes recursos retidos polo Executivo central poderanse transferir a todas a comunidades, acudisen ou non aos tribunais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE CASE 10 M€ NAS OBRAS DE MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

- A Xunta prevé licitar as obras nas vindeiras semanas, asumindo o financiamento íntegro das actuacións necesarias para resolver as deficiencias da rede municipal de sumidoiros, desbordada na súa capacidade e con problemas de infiltracións
- Renovarase a rede na marxe esquerda do río Con, na avenida Rodrigo de Mendoza; executaranse 2 tanques de tormentas, un xunto a Fexdega e outro na rúa García Camaño, que se conectarán á rede; e un tramo de colector na avenida de Cambados
- As obras están deseñadas sobre a base do Plan de saneamento local redactado pola Xunta e contan cun prazo de 24 meses
- Estas obras da Xunta complementaranse coas actuación prevista de ampliación da depuradora municipal, o que suma un investimento global total de máis de 33,5 M€
- Coa Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga en tramitación, o Concello de Vilagarcía poderá tamén encomendarlle á Xunta a xestión das novas infraestruturas sen que isto incremente as actuais tarifas que o municipio recada entre veciños

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de case 10 millóns de euros nas obras de mellora do sistema de saneamento do concello de Vilagarcía de Arousa.

O Goberno galego financiará integramente as obras, que prevé licitar nas vindeiras semanas, co obxectivo de telas contratadas no último cuadrimestre deste ano. Os traballos contan cun prazo de execución de 24 meses. As obras contan co financiamento da Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

Trátase de executar as obras necesarias para solucionar a problemática da rede municipal de sumidoiros, desbordada na súa capacidade e con problemas de infiltracións que, ademais de verteduras, reducen a garantía sanitaria para a poboación e alteran o tráfico na vila.

Para iso, renovarase a rede de saneamento municipal na avenida Rodrigo de Mendoza, na marxe esquerda do río Con; construíranse dous tanques de tormentas no aparcadoiro público Fexdega e na rúa García Camaño e conectaranse ambos os tanques coa rede existente; ademais, executárase un novo tramo de colector na avenida de Cambados.

#### O obxecto do contrato

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mediante este contrato dáse cumprimento ao acordo do Executivo autonómico do pasado día 29 de novembro de 2021 polo que se aprobou a colaboración da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co Concello de Vilagarcía de Arousa. A entidade local remitiu neste mes de xaneiro a documentación precisa para a contratación das obras de mellora do sistema de saneamento municipal.

As obras obxecto da contratación autorizada hoxe polo Goberno galego foron deseñadas no marco do Plan de saneamento local redactado pola entidade hidráulica da Xunta e céntranse na resolución das deficiencias que presenta o sistema de saneamento local: exceso de sólidos na rede, a ineficiencia dos colectores e o exceso de auga.

Estas carencias provocan inundacións na rede de saneamento con precipitacións de intensidade moderada, verteduras ao medio e a diminución da debida garantía de calidade. Adicionalmente, a infiltración de auga de mar na rede afecta o funcionamento das unidades de elevación e os procesos de tratamento de estación depuradora de augas residuais.

A través do contrato autorizado hoxe pola Xunta para dar solución a esta problemática executarase a renovación da rede na avenida de Rodrigo de Mendoza, na marxe esquerda do río Con, e instalaranse dous novos tanques de tormentas. Estes tanques situaranse, un no aparcamento público Fexdega, para a súa conexión cos novos colectores; e o segundo augas abaixo, tamén na marxe esquerdo do río Con, ao final da rúa García Camaño, fronte á praza de abastos da vila.

Na intervención proxectada por Augas de Galicia inclúese tamén a conexión de ambos os tanques de tormentas coa rede existente e a execución dun novo tramo de colector na avenida Cambados.

A execución destas obras, xunto coas tamén proxectadas para a ampliación da estación depuradora de augas residuais, en que a Xunta investirá máis de 23 M€, permitirá resolver en gran medida a problemática no sistema de saneamento municipal de Vilagarcía de Arousa, coa redución das verteduras ao medio en volume e días de alivio. Tamén mellorará substancialmente a calidade ambiental do medio receptor.

Estas intervencións contribúen, ademais, a avanzar cara ao saneamento integral da ría de Arousa, preservando o medio natural, o turismo, a pesca e o marisqueo.

A Xunta mantén o seu apoio ao Concello de Vilagarcía de Arousa no desenvolvemento das súas competencias, así como o compromiso de investir máis de 33,5 M€ de euros

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nestas obras de mellora do sistema de saneamento municipal e nas previstas de ampliación da depuradora.

A Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga en tramitación permitirá que o Concello de Vilagarcía tamén lle encomende á Xunta a xestión das novas infraestruturas, sen que isto supoña un incremento das actuais tarifas que o municipio recada entre veciños.

O Goberno galego tamén está a impulsar outras actuacións en apoio aos concellos para acadar o saneamento integral da ría, como as obras de mellora da depuradora de Tragove, recentemente licitadas por 5,3 M€, que permitirán case duplicar o caudal de tratamento das augas residuais dos concellos de Cambados e de Vilanova de Arousa; ou os arredor de 6 M€ previstos noutras dúas actuacións de mellora do saneamento en Cambados e en Vilanova, para resolver as deficiencias no sistema mancomunado de saneamento destes municipios, que ten destino final na depuradora de Tragove.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA EN FERROL A SEXTA ÁREA REXURBE DE GALICIA CO OBXECTIVO DE DINAMIZAR O CONXUNTO HISTÓRICO E A SÚA CONTORNA

- O ámbito abrangue unha superficie de 105.300 m<sup>2</sup>, onde están localizados case 270 edificios e 1.019 vivendas
- Será a segunda cidade galega, xunto coa Coruña, con esta figura, que tamén existe en Mondoñedo, Ribadavia, Tui e Ribadeo
- O Goberno galego volve pedir axilidade ao Concello na concesión das licenzas de obra do Programa Rexurbe, solicitadas xa para oito inmobles, e lémballe que está demorando o investimento de 8,7 M€ en Ferrol Vello

A Xunta de Galicia declarou hoxe en Ferrol a sexta área de rexeneración urbana de interese autonómico de Galicia, coñecida como Área Rexurbe, co obxectivo de dinamizar o seu conxunto histórico e a súa contorna.

A proposta aprobada abrangue unha superficie de 105.300 m<sup>2</sup>, onde se identificaron 269 edificios e 1.019 vivendas, e que é coincidente co ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación de Ferrol Vello.

A Área Rexurbe é unha figura creada ao abeiro da Lei de rehabilitación de Galicia en que, ademais da recuperación edificatoria e urbanística, tamén se inclúen medidas de dinamización social, demográfica e económica, polo que a súa aplicación é transversal e implica distintos departamentos administrativos.

As medidas que se van adoptar deberán estar recollidas no plan de dinamización, que redactará o Concello, onde tamén se indicará o custo estimado das actuacións e as fontes de financiamento para levalas a cabo. Para ese fin, conta cun modelo elaborado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o establecido na devandita lei.

Non obstante, na proposta pola cal se declara a Área Rexurbe xa se indican unha serie de obxectivos principais, entre eles a conservación, valoración e recuperación do patrimonio urbano, arquitectónico e cultural, coa correspondente catalogación individualizada dos elementos que preservar; a rehabilitación de edificios; a mellora das condicións ambientais e dos servizos á poboación; a reintegración do barrio no conxunto da cidade; e a recuperación da actividade económica.

En concreto, tamén se sinala a reurbanización de varias rúas para actualizar as infraestruturas, mellorar esteticamente o espazo e así favorecer a recuperación dos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

edificios; ou a posta en valor da casa de Carvalho Calero para definir un novo equipamento sociocultural.

No eido económico, quérese fomentar o Camiño Inglés ao seu paso polo barrio e aproveitar o seu lugar de inicio para apostar pola ría de Ferrol como reclamo, a través de pasaxes en lancha e a creación de prazas hoteleiras. Así mesmo, preténdese recuperar o comercio, mediante o fomento das tendas de proximidade, tendo en conta que dos 214 locais comerciais situados no ámbito case un 84 % están baleiros.

Outro dos obxectivos é achegar a mocidade ao conxunto histórico, ofrecendo solucións habitacionais e, en xeral, reintegrar o barrio —onde actualmente viven 1.347 persoas segundo os datos facilitados— no conxunto da cidade.

### **Sexta Área Rexurbe**

A Área Rexurbe que se declara hoxe é a sexta da Comunidade, xa que se suma á lista aberta por Mondoñedo, declarada en febreiro de 2020 e a única que conta con plan de dinamización e centro rexurbe operativo, completada pola Coruña, que en maio de 2020 se converteu na primeira cidade en contar con esta figura; Ribadavia; Tui e Ribadeo, con aprobación polo Consello no pasado mes de decembro.

Aínda que unha das primeiras medidas que adopta a Xunta tras a declaración é adquirir inmobles no municipio, ao abeiro do Programa Rexurbe; no caso de Ferrol esta medida xa está consolidada. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xa investiu 1,73 millóns de euros entre a adquisición de 19 propiedades, a redacción de proxectos e a construción dun inmovible.

Ademais, o Goberno galego ten previsto investir outros 8,7 millóns de euros. Existen cinco obras adxudicadas ou licitadas por importe de 2,46 millóns; sete obras pendentes de licitación, xa con proxecto, por importe de 3,77 millóns; e outras cinco, coa redacción dos proxectos xa licitada, nos cales se investirán máis de 2,5 millóns.

En todo caso, para que este investimento se poida facer efectivo, é preciso que o Concello de Ferrol axilice a concesión das licenzas de obra, xa solicitadas entre febreiro e marzo de 2021 para oito inmobles dos cales resultarán 18 vivendas protexidas.

De feito, o atraso nos proxectos provocou que a cidade perdese 3 millóns de euros, que non foron executados nos orzamentos do pasado exercicio, algo que a Xunta agarda que non volva ocorrer cos 2,4 millóns consignados para este ano.

Cómpre sinalar que Ferrol tamén conta con catro áreas de rehabilitación integral (ARI) declaradas: A Magdalena-Ferrol Vello —ámbito que queda incluído na Área Rexurbe-; A

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Graña; Esteiro Vello e Recimil. Neste caso, ao abeiro dos convenios en execución, recibiu un importe de case 5 millóns de euros.

Ademais, é tamén un dos municipios que se pode acoller aos recursos incluídos na ARI supramunicipal dos Camiños de Santiago, xestionada directamente pola Xunta, xa que está incluído no trazado do Camiño inglés.

Por último, cómpre lembrar que en 2021 na cidade se concederon 13 axudas por un importe global de 109.140 euros para a adquisición de vivenda no centro histórico, o que converteu Ferrol no municipio galego con máis subvencións outorgadas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA OFERTARÁ 3.200 PRAZAS EN CURSOS DE FORMACIÓN EN GALEGO DIRIXIDOS A PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN NOS PRÓXIMOS CATRO ANOS

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) renovan a súa colaboración neste eido
- As actividades desenvolveranse nas modalidades presencial e en liña
- A oferta incrementouse en máis dun 50 % desde 2016, tempo durante o cal se formaron 4.330 persoas

A Xunta de Galicia ofertará 3.200 prazas en cursos de formación en galego dirixidos a persoal da administración nos próximos catro anos. Para iso, o Consello deu hoxe luz verde á renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a través do cal se convocan estes cursos. O orzamento total para os catro anos de vixencia do acordo ascende a preto de 670.000 €.

O Goberno galego desenvolve desde hai anos esta oferta académica, que permite a mellora continua da formación en lingua galega por parte dos profesionais da Administración pública. Desde 2016 o número de cursos por ano incrementouse nun 52 %, dos 21 iniciais aos 32 por ano programados ata 2025. De xeito parello, incrementouse o número de prazas nun 27 %, pasando de 630 prazas en 2016 ás 800 para 2022 e sucesivos anos. Desde 2016, formáronse ao abeiro destes cursos un total de 4.330 profesionais en 169 cursos.

Poderá participar nestes cursos o persoal ao servizo das administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o persoal da Administración de xustiza e o persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia. Cada un dos 32 cursos, de nivel medio e superior, que se ofertan terá unha duración de 75 horas e impartiranse na modalidade presencial ou na de formación en liña.

Para acceder ao curso de nivel medio é necesario contar co Celga 4 ou nivel de perfeccionamento de lingua galega, ou ben co curso básico de linguaxe administrativa galega, o curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou o curso básico de linguaxe administrativa sanitaria. No caso de querer acceder a un curso de nivel superior, o interesado deberá contar co curso medio de linguaxe administrativa galega, o curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A EGAP realizará a programación específica de acordo coas necesidades de formación do persoal e determinará as localidades, horarios, lugares e modalidades en que se impartirán. Así mesmo, encargarase da selección do alumnado, que recibirá un certificado unha vez superado o curso. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designará o profesorado encargado de impartir os cursos e resolverá as reclamacións que se presenten, logo informe da comisión técnica constituída no dito departamento.

### **Linguaxe administrativa**

Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galega darán formación específica aos traballadores públicos na súa lingua de especialidade, o que implica un maior afondamento en aspectos gramaticais e léxicos específicos, así como en cuestións de redacción e estilo a partir do traballo coa documentación administrativa propia de cada nivel, tanto na oralidade coma na escrita.

Con esta formación específica en galego, a Xunta busca actualizar e formar o persoal para que incremente a competencia técnica nesta lingua e garantir o emprego dun galego de calidade e dunha linguaxe clara coa cidadanía a prol dun avance na normalización lingüística do galego desde o ámbito da Administración, tal e como sinala o Plan xeral de normalización da lingua galega.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O BONO TURÍSTICO PERMITIU MOBILIZAR 7,7 M€ NO SECTOR TURÍSTICO GALEGO EN 2021

- A segunda edición desta iniciativa de estímulo directo permitiu inxectar no sector turístico 5,6 M€, aos cales se sumou o gasto procedente do Bono turístico sociosanitario de 2020, que rematou en maio do ano pasado
- Pontevedra foi a provincia con maior volume de transaccións e novembro, o mes de maior consumo, consolidando a forza desestacionalizadora desta iniciativa
- Nesta edición duplicouse o número de empresas adheridas e foron máis de 12.000 os beneficiarios

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance que supuxo o funcionamento do bono turístico, unha iniciativa exitosa que o Goberno galego puxo en marcha ao comezo da crise do coronavirus e que tivo continuidade en 2021. A iniciativa permitiu inxectar no sector turístico ao longo do pasado ano un total de 7,7 millóns de euros nun momento especialmente difícil para o sector.

Fronte á primeira edición, a segunda convocatoria do bono turístico tivo como principais novidades a súa apertura ao conxunto da poboación galega, que puido optar a tarxetas con tres importes –500, 375 e 250 euros–, das cales tiña que facer un copagamento do 40 % do seu importe.

Estas tarxetas deron como resultado máis de 30.000 transaccións en máis dun milleiro de empresas asociadas, das cales máis dun 75 % foron hoteis, pero tamén beneficiou outros segmentos do tecido empresarial turístico galego, como casas de turismo rural, campamentos, axencias de viaxe ou balnearios.

O orzamento con que contou a segunda edición do bono turístico foi de 5,8 millóns de euros –3,5 millóns procedentes das administracións públicas e 2,3 millóns dos particulares a través do copagamento–, do que finalmente se gastou o 96 %, un total de 5,6 millóns de euros. O restante importe ata os 7,7 millóns de euros procedeu do bono sanitario, que se gastou entre xaneiro e maio de 2021.

Pontevedra foi a provincia que aglutinou un maior volume de transaccións coas tarxetas do bono turístico (44 %), seguida da Coruña (27 %), Lugo (17 %) e Ourense (12 %) mentres que foi novembro o mes de maior consumo das tarxetas, con máis de 1,4 millóns de euros consumidos, seguido de decembro, outubro, setembro, agosto, xullo e xuño, o que dá unha idea da capacidade de desestacionalización desta iniciativa.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Máis de 12.000 beneficiarios**

O informe recolle, ademais, que finalmente foron case 12.300 as persoas que finalmente se beneficiaron desta tarxeta desconto, que foi moi ben acollida pola poboación xeral, que esgotou en menos de 12 horas as primeiras tarxetas que se puxeron en circulación. Do conxunto de tarxetas expedidas operaron o 99 %, o que tamén dá exemplo do bo funcionamento do sistema, que permitía gastar a tarxeta en establecementos de aloxamento turístico ou en axencias de viaxes adheridas á iniciativa. De feito, para esta edición adheríronse máis do dobre de empresas participantes que na 1ª edición, un total 1.200 fronte a 560.

O documento confirma, pois, que a segunda edición do bono turístico resultou un éxito de principio a fin, foi ben acollida polo sector turístico e permitiu seguir apostando polo reforzo da demanda interna de produto turístico, como complemento doutros programas de estímulo e liñas de axuda, o que xustifica plenamente a convocatoria dunha terceira edición, que se materializará nos vindeiros meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DE GALICIA APOIARÁ A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DUNHA DECENA DE ESPAZOS TERMAIS DE USO LÚDICO

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación destina un millón de euros a esta nova orde de axudas dirixida aos concellos galegos
- Os apoios, que cubrirán o 80 % do importe total das actuacións, buscan ofrecer máis e mellores servizos nestes equipamentos
- O programa contribuirá a fomentar o turismo e dinamizar a economía dos municipios beneficiarios

O Consello da Xunta avaliou, na reunión desta mañá, a nova convocatoria de axudas con que se prevé acondicionar e mellorar as instalacións de arredor dunha decena de espazos termais de uso lúdico en Galicia. Para este programa pioneiro, o Goberno galego reserva un millón de euros.

Esta nova liña de apoios, impulsada desde a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ten como obxectivo apoiar os concellos galegos na realización de intervencións que contribuirán a ofrecer máis e mellores servizos nas instalacións de augas termais galegas.

As axudas, que cubrirán o 80 % do importe total das actuacións ata un máximo de 150.000 euros por solicitude, poderán destinarse á adquisición e instalación de caudalímetros, sistemas de bombeo ou equipos de medición; colocación de sinais; obras de acometida e canalización de auga; mellora dos espazos verdes e das zonas de lecer; actuacións en vestiarios; realización de peches perimetrais ou proxectos de accesibilidade e seguridade.

O desenvolvemento destes proxectos suporá unha oportunidade para a posta en valor e explotación deste tipo de espazos, o que contribuirá a fomentar o turismo e, en definitiva, a dinamización económica dos municipios.

Estes apoios, que serán de concorrencia competitiva, enmárcanse no compromiso da Xunta de impulsar estes espazos, adaptándoos á demanda real da sociedade actual. Así, coa Lei de aproveitamento lúdico de augas termais de Galicia, a Comunidade converteuse en pioneira en España en regular estas instalacións impulsando un crecemento ordenado e seguro do sector.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIU O PASADO ANO MÁIS DE 80M€ EN ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PACTO DE ESTADO POR FERROL PARA IMPULSAR A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DA COMARCA**

- Entre as medidas postas en marcha, destaca a creación da nova Delegación territorial da Xunta en Ferrol onde, esta mañá, tivo lugar a reunión semanal do Goberno galego que nomeou a quen será a súa responsable, Martina Aneiros Barros
- A Xunta, ademais de comprometer 130M€ para o hospital de Ferrol, xa destinou 12M€ á mellora de infraestruturas, 1,7M€ a actuacións do Plan Rexurbe, ademais de poñer en marcha o Centro de Excelencia do Sector Naval (Cesena) e o novo Campus Industrial de Esteiro
- Este ano o Goberno galego prevé a posta en funcionamento dun polo de emprendemento no rural e actuacións en materia de medio ambiente e turismo, como o Plan de sostibilidade do Xeoparque de Cabo Ortegal ou o novo albergue para peregrinos na Casa do Mar
- O documento do Pacto de Estado por Ferrol foi presentado no Consello da Xunta o pasado mes de maio, logo de abrir un proceso de diálogo previo entre os axentes económicos e sociais da comarca e as distintas administracións
- A Xunta segue agardando que o Goberno central se pronuncie acerca das medidas que son de competencia estatal

O Consello da Xunta avaliou hoxe as primeiras medidas que a Administración autonómica puxo en marcha o pasado ano no marco do Pacto de Estado por Ferrolterra para a reactivación económica e social da comarca. Son actuacións que, en total, suman un investimento de máis de 80,3M€ entre as que destaca a recente creación da nova Delegación Territorial da Xunta en Ferrol onde, esta mañá, de maneira excepcional, tivo lugar a reunión semanal do Goberno galego que nomeou a quen será a súa responsable, Martina Aneiros Barros.

O documento do Pacto de Estado por Ferrol, Eume e Ortegal foi presentado no Consello da Xunta o pasado mes de maio, logo de abrir un proceso de diálogo previo entre os axentes económicos e sociais da comarca e as distintas administracións sen que, polo momento, o Goberno central se teña pronunciado aínda acerca das medidas que son de competencia estatal.

Trátase dun documento no que están implicadas todas as consellerías do Goberno galego, que recolle máis de cen medidas para combater os problemas demográficos, económicos e laborais de Ferrolterra; unha comarca castigada polo desemprego e a preocupante situación da súa industria, especialmente no ámbito enerxético e naval.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, fiel ao seu compromiso, durante o pasado ano 2021 a Xunta de Galicia desenvolveu diferentes actuacións na comarca que teñen como obxectivo a consolidación dos servizos públicos; a mellora de infraestruturas e vías de comunicación como factores de competitividade territorial; a recuperación das empresas, autónomos e empregos afectados pola crise nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal; e a modernización e mellora competitiva dos principais sectores desta zona.

### **Modernización e mellora dos servizos públicos, infraestruturas e industria**

En primeiro lugar, a Xunta priorizou a mellora dos servizos públicos e a sanidade, concretamente, no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, cuxas obras avanzaron de forma coordinada coa asistencia sanitaria da pandemia cun orzamento global programado de 130M€. En 2021 destináronse 24M€ a este complexo hospitalario. Do mesmo xeito, tamén os Orzamentos da Xunta para 2022 contemplan 14,5M€ para continuar o proxecto. No que respecta á atención á dependencia en Ferrol, destaca, entre outras actuacións, a posta en marcha da nova residencia de maiores e a reforma do centro de Caranza.

No relativo á mellora das comunicacións de Ferrolterra, a Xunta investiu o pasado ano máis de 12M€ nas estradas San Sadurniño-Ortigueira e Valdoviño-Ortigueira, avanzando ao mesmo tempo na tramitación da VAP. Por outra banda, en materia de vivenda, cómpre salientar que a Administración galega leva investidos na comarca 1,7M€ para a rehabilitación dos inmobles incluídos no programa Rexurbe e a adquisición de novos edificios.

Reforzáronse, tamén, as actuacións para a posta en valor do patrimonio natural da zona, cun investimento total de preto de 2M€. Irán destinados á creación dunha fraga autóctona no Parque Natural Fragas do Eume, cun investimento de 1,3M€; á restauración do hábitat dunar das praias da Frouxeira (Valdoviño) e Morouzos (Ortigueira); e á mellora de 19 quilómetros dos ríos Sor (Mañón) e Mera (Ortigueira) no marco do proxecto Mil Ríos. Neste ámbito, para promover o turismo na comarca, destacan, entre outras actuacións, a aprobación do Plan de Sostibilidade do Xeoparque de Cabo Ortegal e a entrada en funcionamento dun novo albergue para peregrinos na Casa do Mar, cun investimento de 2M€.

En paralelo, a Xunta está a facer unha firme defensa dos sectores estratéxicos, con especial atención ao sector naval, pesqueiro e enerxético. Nesa liña, impulsouse a creación do Centro de Excelencia do Sector Naval (Cesena) que nace como revulsivo para impulsar a dixitalización da industria naval e afianzar as oportunidades da candidatura

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galega aos fondos europeos Next Generation a través do PERTE do sector. Ademais, o Goberno galego solicitou poder participar no Consello de Administración de Navantia.

No eido do mar, a Administración autonómica segue traballando na mellora das zonas de marisqueo e na dixitalización do sistema comercial. Iniciouse, neste eido, o deseño dun polo de innovación tecnolóxica en enerxías renovables mariñas e almacenamento. Por outra banda, incrementáronse, tamén, as oportunidades laborais dos mozos e mozas e a captación de talento mellorando a conexión da formación co tecido produtivo de Ferrol a través do novo campus industrial de Esteiro.

### **Emprego e formación**

Xunto con isto, no ámbito laboral, o Goberno galego está a traballar para incrementar as oportunidades de emprego en Ferrolterra a través de programas e proxectos destinados a mellorar as capacidades dos traballadores mediante a formación, así como a xerar oportunidades de emprendemento especialmente no ámbito rural.

A Xunta, en colaboración cos interlocutores sociais do sector naval, está a desenvolver Empreganav, un proxecto que, cun orzamento de 3,4M€, se desenvolve principalmente nas áreas de Ferrol e Vigo, e que busca a reinserción laboral de persoas desempregadas procedentes da industrial auxiliar do naval. Na actualidade, na comarca de Ferrol, participan nesta iniciativa 160 traballadores. No ámbito formativo tamén se está a traballar na Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, destinada á mellora da cualificación do mercado laboral, contando para iso coa implicación activa de todos os axentes públicos e privados, para aunar esforzos para mellorar a empregabilidade da cidadanía e a competitividade das empresas.

Por outra banda, a Xunta creará este ano en Ferrol un polo de emprendemento no rural para potenciar a creación de negocios e a xeración de emprego na comarca. O polo de Ferrol contará cun investimento para a súa posta en funcionamento de 120.000 euros.

Ademais, entregáronse uns 5000 títulos de propiedade da parcelaria de Covas-Esmelle-Marmancón-Mandiá, dando así por rematado un proceso no que a Administración autonómica investiu case 5,3M€ e que beneficia a 2125 propietarios.

No seguimento de todas as actuacións que contempla o Pacto de Estado por Ferrol vai estar a Delegación territorial da Xunta na cidade, como órgano de dirección e actuación da Administración autonómica, que aglutina todas as dependencias administrativas existentes dentro do seu ámbito territorial.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA E A AUTORIDADE PORTUARIA DE FERROL COLABORARÁN PARA MELLORAR A INTEGRACIÓN PORTO-CIDADE UNINDO A RANITA E A MALATA CUNHA SENDA PARA PEÓNS E CICLISTAS E CUN INVESTIMENTO DE 3,75 M€**

- O Goberno galego desenvolverá esta intervención no marco das actuacións previstas para fomentar a mobilidade limpa nas cidades con cargo aos fondos de recuperación Next Generation UE
- A intervención principal será a humanización da Estrada Vella do Porto, ampliando o espazo público dispoñible para os peóns e creando un carril bici mediante un desprazamento do peche do recinto portuario e un orzamento de 3,5 M€
- Habilitarase un aparcadoiro disuasorio con 61 novas prazas, o que fará necesario un investimento de preto de 50.000 euros
- Crearanse novos accesos ao paseo peonil desde a Casa do Mar e desde a Estrada Alta do Porto
- A Xunta e a Autoridade Portuaria asinarán un convenio de colaboración para a execución destas intervencións

A Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Ferrol colaborarán no impulso da execución dunha senda peonil e ciclista entre A Ranita e A Malata co fin de mellorar a integración entre o porto e a cidade e de fomentar a mobilidade sustentable. Esta intervención, que se acompañará doutras actuacións complementarias de incremento das prazas de estacionamento e mellora da accesibilidade, suporá un investimento total de 3,75 millóns de euros.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e a Autoridade Portuaria de Ferrol para o fomento da mobilidade sustentable porto-cidade e a integración urbana do bordo do litoral, que serán financiadas con fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, Next Generation UE.

O informe expón a iniciativa de establecer un marco de cooperación que permita, dunha banda, responder aos obxectivos da Autoridade Portuaria de Ferrol de mellorar a integración e a conexión do porto coa trama urbana e, doutra banda, cumprir o interese do Goberno galego de fomentar a mobilidade sustentable nas cidades galegas empregando os fondos Next Generation que ten consignados para ese fin.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tendo en conta esa confluencia de intereses, a Xunta e a Autoridade Portuaria prevén asinar un convenio de colaboración para impulsar conxuntamente a mellora da integración urbana, a conectividade e a mobilidade porto-cidade, a través de tres liñas de actuación principais: o aumento de prazas de estacionamento, a reforma da Estrada Baixa do Porto e outras actuacións complementarias de mellora da accesibilidade.

A principal intervención prevista é a integración urbana e mellora do tránsito peonil e ciclista na Estrada Baixa do Porto, unha actuación á cal se destinará a maior parte do orzamento, 3,5 millóns de euros.

Esa vía veu incrementado notablemente o seu uso por parte dos cidadáns nos últimos anos, debido ao traslado de certas actividades ao porto exterior, ao remate da pasarela da Malata, á ordenación da dársena de Curuxeiras e ao incremento da actividade hostaleira na zona. Porén, desde hai tempo está constatada a escaseza de largo das beirarrúas, a insuficiencia do paso peonil en varios treitos e a inexistencia de carril bici.

Para solucionar esta situación, a Autoridade Portuaria está a traballar en diferentes alternativas para que a zona de contacto entre as instalacións portuarias e a trama urbana se constitúa como un grande espazo público de relación e convivencia que contribúa á posta en valor da cidade no seu conxunto.

Para iso, está prevista unha xerarquización viaria e a reordenación das circulacións rodadas para crear un espazo público equilibrado, con espazo para peóns e ciclistas, incentivando así a mobilidade sustentable.

Este obxectivo conseguirase mediante o desprazamento do actual peche das instalacións portuarias, gañando espazo para as persoas e pondo á disposición dos usuarios unha superficie notablemente maior que a actual, co obxectivo de incrementar o espazo peonil e dotar a travesía dun carril bici. Será necesario, tamén, actuar no muro da vía que conecta as estradas Baixa e Alta para manter así a circulación viaria e facilitar os novos usos.

A Autoridade Portuaria de Ferrol ten actualmente en proceso de elaboración a redacción do proxecto que defina as actuacións de humanización da Estrada Baixa do Porto, de acordo cos obxectivos da integración urbana e de fomento da mobilidade sustentable.

### **Aparcadoiro disuasorio**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta intervención complementarase coa creación dun aparcadoiro disuasorio en superficie na parcela actualmente destinada a depósito de materiais e outros obxectos, cunha superficie de 1.500 metros cadrados.


Esta parcela, situada a 500 metros da dársena de Curuxeiras e con acceso desde a Estrada Baixa do Porto, permitiría dispor de 61 novas prazas de aparcamento á disposición da cidadanía mediante un investimento aproximado de 50.000 euros.

Finalmente, como actuacións complementarias, propónse a mellora da accesibilidade do actual percorrido peonil da zona portuaria, que actualmente só conta con accesos desde a dársena de Curuxeiras e desde o paseo da Malata, ademais dun secundario desde o edificio Os Saucos.

Ademais de mellorar este último, a Xunta e a Autoridade Portuaria traballan para crear dous novos accesos desde a Casa do Mar e desde a Estrada Alta cara á rotonda de entrada no porto.

Esta intervención que a Xunta prevé financiar en colaboración coa Autoridade Portuaria de Ferrol súmase á acordada coa Autoridade Portuaria de Vigo para o fomento da mobilidade sustentable na avenida de Beiramar e na zona do Berbés, tamén dentro do programa de investimentos con cargo aos fondos Next Generation UE.

Planta xeral da actuación



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA SITÚASE Á VANGARDA DA FORMACIÓN EN IGUALDADE LABORAL CO SEU CAMPUS VIRTUAL ESPECIALIZADO, QUE OFERTA ESTE ANO 5.000 PRAZAS GRATUÍTAS**

- O espazo de teleformación estreado en outubro de 2021 acreditou nos tres primeiros meses de funcionamento os coñecementos de 3.000 galegas e galegos na materia
- A Xunta e a Universidade de Vigo promoven, ademais, o primeiro curso superior especializado en igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais
- Galicia reformará a súa Lei de igualdade para adaptala ao contexto sociolaboral e realizará un estudo sobre a realidade do colectivo LGTBI ante o mercado de traballo
- O Goberno galego destinará en 2022 un total de 34 millóns de euros ao Plan Emprega muller de impulso do emprego feminino e 16 a medidas específicas de conciliación

Galicia converteuse en 2021 na primeira e única comunidade en impartir formación específica en igualdade laboral en modalidade virtual, que se vai intensificar este ano cunha oferta de 5.000 prazas gratuítas de cualificación flexible, accesible e actualizada. As accións formativas, que xa comezaron este mes, enmárcanse en ámbitos como a conciliación e a corresponsabilidade, o teletraballo, a fenda salarial e o rexistro retributivo, o teito de cristal ou o acoso laboral. En 2021, en apenas tres meses de funcionamento do Campus, expedíronse 3.000 acreditacións ás persoas participantes.

A Consellería de Emprego e Igualdade informou hoxe o Consello das medidas despregadas nos últimos meses neste eido, para promover o emprego de calidade para mulleres, o fomento do seu autoemprego, a inclusión da perspectiva de xénero en empresas e entidades, a formación en igualdade e a conciliación e a corresponsabilidade.

A Xunta e a Universidade de Vigo, por outra banda, acaban de inaugurar o primeiro curso superior especializado en Igualdade entre Mulleres e Homes nas Relacións Laborais, unha actividade sen precedentes noutras comunidades, polo seu carácter específico e duración, que se realiza de xeito presencial no Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago de Compostela.

A Comunidade galega convértese, deste xeito, na primeira en impartir formación específica en igualdade laboral a toda a cidadanía, tanto aos axentes sociais como ás persoas traballadoras en xeral. Este compromiso vén referendado polo feito de que a Xunta terá destinado en dous anos –2021 e 2022– un total de 3,7 millóns de euros á

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consolidación da igualdade laboral na Comunidade: 1,7 millóns o ano pasado e outros 2 millóns este 2022.

Este ano, ademais, sairá adiante a reforma da Lei de igualdade autonómica, na cal se dará un peso específico e gran protagonismo á igualdade laboral. Trátase de adaptar a norma ao novo contexto sociolaboral e de guiar o tecido produtivo na integración da perspectiva de xénero nas súas prácticas laborais.

### **Emprego e formación con perspectiva de xénero**

A Xunta desenvolverá este 2022 o pioneiro Plan Emprega muller, que sitúa as traballadoras no centro. Cun orzamento de 34 millóns de euros, inclúe apoios integrais para a formación, o acceso, o mantemento, a consolidación e a promoción profesional das mulleres galegas, nos cales se presta especial atención á capacitación dixital das residentes no rural e á formación en sectores con subrepresentación feminina.

A Xunta, por outra banda, desenvolverá nos próximos meses un estudo específico sobre a situación do colectivo LGTBI no ámbito laboral, coa finalidade de deseñar unha acción formativa de sensibilización e mellora de actuación ante presuntos casos de discriminación.

### **Conciliación**

No que respecta aos apoios á conciliación, o departamento de Emprego e Igualdade xestionará no ano 2022 máis de 16 millóns de euros co fin de minimizar as dificultades das mulleres galegas para manterse ou reintegrarse ao mercado laboral.

Ademais das axudas a entidades locais galegas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade e ofrecer programas como os bancos de tempo á súa veciñanza, manteranse os apoios para compensar a redución da xornada laboral e impulsar a corresponsabilidade, a conciliación mediante acordos laborais de flexibilidade horaria e o fomento do teletraballo. O Goberno galego reforzará, ademais, as axudas para a conciliación da persoa traballadora autónoma, a liña Concilia do programa Emega de emprendemento feminino e con bolsas de axuda para as persoas desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego.

Con todas estas medidas Galicia segue a traballar no compromiso de que a perspectiva de xénero cale no ámbito laboral, co convencemento de que resulta imprescindible para o óptimo desenvolvemento social e económico da Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **SANIDADE CONVOCA O PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA PARA O PERSOAL DO SERGAS, QUE CONTARÁ CON 484 ACTIVIDADES E UN ORZAMENTO DE 730.523 EUROS**

- Desta programación, que supón un incremento de preto do 27 % máis que o ano anterior, 212 actividades corresponden á modalidade de teleformación e 236 serán presenciais
- Un total de 21 actividades serán impartidas nas aulas de simulación médica avanzada
- A formación continuada preséntase como unha das ferramentas máis axeitadas para mellorar os servizos sanitarios e adecualos ás demandas da poboación

A Consellería de Sanidade, por medio dunha Resolución conxunta da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), convocou o Plan de formación continua para o persoal do Sergas, que contará con 484 actividades, o que supón un incremento do 26,7 % con respecto ao ano anterior. O orzamento destinado pola Xunta de Galicia para esta finalidade é de 730.523 euros.

O Plan foi aprobado na xuntanza do Consello de Formación Continua do pasado 18 de xaneiro, composto por representantes do Sergas, de ACIS, e das organizacións sindicais CIG, CC OO, UGT e CSIF.

Da programación do Plan, 212 actividades corresponden á modalidade de teleformación e 236 serán actividades presenciais, das cales 21 serán impartidas nas aulas de simulación médica avanzada.

Cómpre sinalar, así mesmo, o grande éxito que está a ter o programa de autoformación, debido, en parte, á gran flexibilidade e accesibilidade deste tipo de actividades. O plan deste ano recolle 27 actividades dispoñibles durante todo o ano, e cada unha delas con prazas ilimitadas.

A todos os cursos que configuran o Plan de formación continua hai que engadir as actividades que se organizarán dentro do Plan estratéxico de formación promovido pola Administración sanitaria galega e as que se desenvolven a través doutras canles (youtube, webinaros, etc.).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Engadido a todo o anterior, e co fin de harmonizar a formación complementaria que reciben os residentes de todos os centros do Sergas e das distintas especialidades, ofreceranse, ademais, nove cursos de teleformación deseñados especificamente para este colectivo.

### **Calidade dos servizos sanitarios**

O Plan que acaba de aprobarse está dirixido a todos os profesionais que presten servizos nas institucións do Sergas, que nestes momentos representan máis de 42.000 profesionais nas distintas categorías. Tamén vai dirixido aos profesionais que estean formándose como especialistas en Ciencias da Saúde (persoal residente en formación), aos aspirantes a vinculacións temporais no ámbito das institucións do Sistema público de saúde de Galicia, así como ao persoal pertencente ás entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao Sergas, integrado no réxime estatutario.

Os profesionais que superen as actividades en que sexan admitidos terán á súa disposición a certificación correspondente, que se emitirá en formato dixital e cada persoal poderá descargala desde o seu perfil de ACIS. Tamén se visualizará no expediente electrónico (expediente-e).

Cómpre remarcar que os coñecementos e as capacidades do persoal do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao Sergas determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados á cidadanía. Neste senso, a formación continuada preséntase como unha das ferramentas máis axeitadas para mellorar, pola vía da capacitación dos profesionais, os servizos sanitarios e adecualos ás demandas da poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONVOCARÁ CASE 8 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA A PLANTACIÓN DE ARREDOR DE 4.000 HECTÁREAS DE FRONDOSAS E CONÍFERAS NOS MONTES GALEGOS

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe esta nova convocatoria de achegas da Consellería do Medio Rural, que sairá publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia*
- Mediante esta liña de subvencións procúrase favorecer o aumento da diversidade e da superficie forestal arborizada a través da plantación de especies frondosas e coníferas, ao tempo que se avanza na anticipación aos incendios
- Deste xeito, recóllese a posibilidade de que os propietarios que teñan terreos con brotes de eucaliptais de menos de 10 cm de diámetro poidan abordar a súa transformación en masas de coníferas ou de frondosas
- As liñas de fomento incluídas nesta orde de forestación seguen os obxectivos programáticos do Plan forestal de Galicia 2021-2040
- Nos últimos seis anos, a Xunta investiu uns 28,6 millóns de euros en axudas por este concepto para plantar con frondosas e coníferas máis de 15.900 hectáreas en toda Galicia

A Consellería do Medio Rural destinará este ano preto de 8 millóns de euros ás axudas para a creación de superficies forestais con frondosas e coníferas en arredor de 4.000 hectáreas de monte galego. Segundo consta nun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, publicarase proximamente no *Diario Oficial de Galicia* esta convocatoria de achegas, que recolle un importe concreto de 7,75 millóns de euros (2 millóns corresponden a este exercicio e os 5,75 millóns restantes a 2023).

A finalidade é fomentar a primeira forestación de terras non agrícolas unicamente con coníferas e frondosas (dándolle máis prioridade a estas últimas), favorecendo o aumento tanto da diversidade como da superficie forestal arborizada, ao tempo que se reduce o risco de incendios mediante a valorización dos terreos forestais. Entre as coníferas que se promoven están o piñeiro silvestre e o teixo, mentres que entre as frondosas se encontran o castiñeiro, o carballo, o ameneiro ou a sobreira, entre outras.

Deste xeito, na orde recóllese a posibilidade de que os propietarios forestais que teñan superficies con brotes de eucaliptais de diámetros por debaixo dos 10 cm de media poidan acollerse ás achegas para transformalas en masas de coníferas ou de frondosas, incrementando deste xeito a descontinuidade e a diversidade de producións dos seus montes. Cabe apuntar que na pasada convocatoria se acolleron a esta posibilidade 26 solicitantes (18 deles na provincia de Pontevedra), cun total de 128,11 hectáreas beneficiadas, cifra que supuxo multiplicar por catro a rexistrada en 2020.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Atendendo ao marcado no Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", nas liñas de fomento incluídas nesta orde de forestación estanse a seguir obxectivos programáticos fixados no propio plan relativos aos servizos ecosistémicos, á conservación da biodiversidade das masas e á xestión forestal sustentable coa mobilización e incremento da produtividade dos recursos forestais galegos.

### **Beneficiarios e accións subvencionables**

Poderán beneficiarse destas subvencións as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, maioritariamente comunidades de montes veciñais en man común, pero tamén asociacións e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, proindivisos, comunidades de bens ou montes de varas. Tamén as agrupacións forestais de xestión conxunta, incluídas as sociedades de fomento forestal, que coa entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia poden solicitar o recoñecemento como agrupacións forestais de xestión conxunta, cos dereitos e vantaxes que implica esta figura. Tamén poden beneficiarse das achegas propietarios particulares de xeito individual.

Con estes fondos subvenciónanse os gastos de plantación forestal e a posta en marcha da área de defensa contra incendios forestais, é dicir, a zona limpa de biomasa que protexe estas novas plantacións de posibles lumes. Inclúense tamén como subvencionables os gastos necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo e a adquisición de planta.

Ademais, as superficies obxecto destas axudas teñen dereito a unha prima anual por hectárea para os custos de mantemento desas forestacións durante os seguintes cinco anos. Neste ano 2022 a convocatoria destas primas acadará os 4,5 millóns de euros.

Nos últimos seis anos, o número de beneficiarios destas convocatorias de axudas ascendeu a preto de 860 e as hectáreas forestadas con frondosas e coníferas en terreos non agrícolas superaron as 15.900 en toda Galicia. O orzamento disposto pola Xunta para estas forestacións roldou os 28,6 millóns de euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O PREZO MEDIO DOS PRODUTOS DO MAR VENDIDOS NAS LONXAS GALEGAS MARCA MÁXIMOS EN 2021 AO SUPERAR OS 3 EUROS O QUILO

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a primeira venda de produtos pesqueiros e marisqueiros realizada o pasado exercicio que mostra que a cotización media é a mellor da serie, que se remonta a 1997
- Destaca a achega do grupo de bivalvos, que obtivo uns ingresos de case 74 millóns de euros, máis do 17 % da facturación total das lonxas e centros de primeira venda de Galicia, e é un 11 % superior á rexistrada en 2020
- Por zonas, as lonxas da provincia da Coruña lideran as descargas e representan máis do 38 % da facturación

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a primeira venda de produtos do mar frescos realizada o ano pasado nas lonxas e centros autorizados de Galicia que mostra que o prezo medio das descargas acadou os 3,20 euros o quilo, a mellor cotización media de toda a serie histórica, que se remonta ao 1997. Esta cifra supón un incremento do 16 % (0,45 euros o quilo) sobre o valor medio do ano 2020, un fito que se produce nun contexto caracterizado polas dificultades derivadas da alerta sanitaria pola COVID-19.

Esta mellora do prezo medio reflíctese na facturación global das lonxas galegas en 2021, que foi de máis de 424 millóns de euros, case un 3 % máis que en 2020, malia un descenso de preto do 12 % no volume de descargas de especies, que o pasado exercicio foi de preto de 133.000 toneladas. Isto reflicte unha evolución significativa no ámbito da comercialización dos produtos do mar.

O informe destaca o bo comportamento da facturación do grupo dos bivalvos, cefalópodos, crustáceos e equinodermos. Esta achega reflíctese principalmente no caso dos bivalvos, que proporcionaron uns ingresos por primeira venda de case 74 millóns de euros. Esta cifra representa máis do 17 % da facturación total das lonxas e centros de primeira venda de Galicia e é un 11 % superior á rexistrada no 2020. Neste ámbito, a especie máis significativa é a ameixa xaponesa, cun prezo medio de 13,42 euros o quilo no pasado exercicio.

Non obstante, o grupo dos peixes supón máis do 68 % da facturación, con preto de 290 millóns de euros, e nel destaca a pescada, a especie máis importante da primeira venda de pesca fresca en Galicia, tanto en ingresos xerados como en cantidades comercializadas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ás zonas xeográficas, as lonxas da provincia da Coruña foron as que máis especies descargaron e representan máis do 38 % da facturación, seguidas das da provincia de Pontevedra, que supoñen preto do 36 % dos ingresos, e das de Lugo, que representan preto do 26 % do valor económico.

Atendendo ás zonas administrativas da produción, predominan as de Vigo, Arousa, A Coruña-Ferrol e A Mariña, que teñen na súa área de influencia algunhas das lonxas máis grandes. Destaca especialmente a zona de Arousa, onde a facturación do grupo bivalvos representa máis do 45 % das vendas.

### **Resultados por lonxas**

O informe da Consellería do Mar tamén destaca que as lonxas da Coruña, Vigo, Ribeira, Burela e Celeiro se manteñen como as máis importantes de Galicia, ao representaren máis do 80 % do volume de descargas e máis do 70 % dos ingresos. En canto aos ingresos xerados, destacan tamén outras como Noia, O Grove, Carril, Cambados e Campelo, coa actividade centrada principalmente na frota de artes menores e o marisqueo a pé.